

# FÚTBOL E IDENTIDADE

MARUXA GESTOSO ÁLVAREZ  
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Poucos fenómenos neste século levan mantendo mobilizadas a tanta cantidade de persoas diariamente coma o caso do fútbol. Mesmo podemos dicir que non é posible unha visión completa desta sociedade nosa sen atender ó chamado "deporte rei". ¿Que se agacha baixo cada regate, cada pase en profundidade e cada gol?, ¿que é o que está realmente en xogo?

Para comprende-la cuestión cómpre analizar o fútbol en profundidade. E hoxe por hoxe podemos afirmar que é este un dos lugares privilexiados para construírmonos a propia identidade: constitúese así nun verdadeiro ritual moderno, pois de fondo co que se está a actuar é co mundo dos ideais e os valores, co mundo espiritual. Traspasamos as barreiras do mero deporte e abrímonos cara a sociedade enteira.

Se defendemos o fútbol coma ritual de constitución da identidade nas sociedades modernas, cómpre partir da pregunta: ¿que é un ritual?, e ¿por que o fútbol e non outra actividade?

## OS RITUAIS NA SOCIEDADE MODERNA

Ó falarmos de rituais "modernos" ábrenos a controvertida e polémica cuestión: ¿como actualiza-lo termo para que chegue ata nós?, ¿é isto lexítimo?, ¿ou o que sexa un ritual está xa definido e o que non encaixe na concepción máis tradicional debe ficar fóra da categorización?. O que se

mobiliza nun ritual son, en derradeira instancia, as relacións sociais. Citando a Maïsonneuve: "todo o grupo que comparta un sentimento de identidade colectiva (ben expresada polo uso intensivo do pronome 'nós') experimenta a necesidade de manter e reafirma-las crenzas e os sentimentos que fundamentan a súa unidade" (1991:20) Coma di Durkheim, o importante do rito é o seu papel socioafectivo.

E, ¿que ocorre coas relacións sociais nas nosas sociedades?. Na maioría dos casos estamos a vivir un tránsito das sociedades tradicionais máis desenvolvidas, co que se fai necesario adaptarse a unha nova situación, de organiza-lo "novo mundo". Veremos como o fútbol se vai converter nun dos medios máis destacados de levar a cabo esta nova organización, de dotar de sentido o noso entorno.

Os dous rasgos máis importantes que van caracterizar ás nosas sociedades van se-la secularización e o pluralismo. Así, xa non nos é posible falar dunha única cosmovisión articuladora senón que debemos atender á multiplicidade de representacións e valores dos distintos individuos. Logo, se pretendemos seguir a traballar co concepto de ritual, será preciso reformula-la noción, de xeito que acolla ás dúas notas características; deberemos estar dispostos a engadir os rituais "civís" ou "seculares"...

Dentro deste grupo de rituais seculares vanse situar os rituais deportivos. E todos sabemos da importancia que van acoller os

deportes nas sociedades actuais occidentais sobre todo, por aquilo do culto ó corpo... Mais o fútbol ten algo de especial: a súa popularidade. Trátase dun deporte pouco tecnificado, co cal calquera vai poder xogar e todos van poder falar del. O fútbol vai ter así un labor aglutinador impresionante: non só convirte en actores a xentes dunha determinada idade (coma p.ex. un concerto), ou dunha ideoloxía (coma un mitin político), senón que permite a comunión de todo tipo de individuos nun mesmo espacio. E este espacio será outra das súas grandes bazas: o espacio futbolístico será dunha banda o estadio (lugar específico, pechado e reducido, onde se leva a cabo a escenificación e a representación culminante), mais tamén a rúa (lugar de celebracións e vivencias a un nivel máis amplo), a facultade, a escola, o bar...os lugares máis cotiás onde vivimos todos en todo momento. Por non falar xa do alcance que vai acadar coa difusión dos medios de comunicación...

Cómpre aclarar outro punto antes de avanzar: estamos a falar da construción da identidade. ¿Constrúese pois?. Os ritual vai permitir dunha banda esta construción, e doutra, unha reafirmación da mesma. Construción, coma creación da realidade social, coma institucionalización dunha determinada visión do mundo; reafirmación, coma consolidación do vínculo proporcionado polo "nós" común.

## O PROBLEMA DA IDENTIDADE

Segundo levamos visto, podemos afirmala necesidade de construírmonos unha

identidade (tanto individual coma colectiva), nada menos que para vivir, para dotar de sentido ó mundo, para facer dese mundo o " noso mundo". Así o fútbol vaise converter nun dos camiños máis a man para levala a cabo, gracias á "maxia ritual" que convirte cada regate nun ideal colectivo, e cada victoria do propio equipo nunha victoria da nosa cidade e dos nosos obxectivos coma comunidade.

O fútbol permite unha dobre dialéctica: dunha banda, o individuo identifícase co equipo, e doutro, ó individuo identifícanno co equipo. Isto é importante pois vai presentar a asunción do rol designado desde un nivel individual. Pero máis alá provócase á vez o sentimento de saberse algo máis que un espectador das dúas horas que dura o partido: p.ex., no caso do meu traballo de campo, os siareiros van afirmar que o Celta é para Vigo: "o seu maior orgullo", "un símbolo do orgullo de sermos vigueses", "algo moi importante a nivel cultural, económico e de imaxe"... e que para Galicia é "o equipo por excelencia ó longo dos anos", "o mellor e máximo representante da nosa Patria", "o primeiro equipo de Galicia"... Exemplos deste tipo atopamos dabondo, tanto do lado da afección coma dos xogadores. O portugués Jorge Cadete afirmábame p.ex. que o Celta "é a bandeira de Vigo" e o "máximo club de Galicia", e como Vigo e Portugal, que xa por moitos motivos manteñen boas relacións, están agora máis unidos tamén desde que hai dous xogadores portugueses no equipo. Podemos citar tamén como na constitución do equipo, hai agora 75 anos, a cuestión do nome foi motivo a ter moi en conta pois, como diría Balleiro Ledo, o promotor do nome "Celta",

“procurabamos que atrás dese nome fose a opinión dos galegos todos...”.

O fútbol é pois un medio privilexiado na creación da propia identidade. E podemos ver isto en tres rasgos defintorios que van articula-lo mesmo concepto de identidade, e que son parte imprescindible no espectáculo futbolístico.

#### IDENTIDADE COMO DIFERENCIA:

É posiblemente o rasgo máis palpable na creación da identidade e que vemos con total claridade ó falar de fútbol. Creármonos coma diferentes é creármonos a nós mesmos co noso propio xeito de ser único e irreductible. Trátase pois de que a nosa propia imaxe quede diferenciada das demais, pois só somos totalmente “nós” cando nos distinguimos totalmente dos que non o son. No mundo do fútbol isto convírtese na rivalidade, elemento imprescindible, de importancia trascendental. Unha rivalidade vehiculizada no fútbol pero que vai moito máis alá do estrictamente deportivo. Así, tras o “cáeme mal tal equipo” está a responder ó “cáeme mal o que este significa e representa...”. O fútbol actúa coma un espello pequerrecho da sociedade, e o equipo representa un ideal colectivo, cos seus mesmos intereses e motivacións. Logo, rivalidade cos que podan alterar o propio ideal, e á vez amizade cos que encarnen unha idéntica ou semellante opción. No meu caso concreto, e rivalidade principal é co Deportivo, e en xogo realmente, a loita Vigo-Coruña. Unha rivalidade que se pon de manifesto en multitude de símbolos: cantos,

chistes,... e onde, no xogo da representatividade galega, o Celta parte cuns puntos de vantaxe, xa non só a un nivel histórico senón no nivel máis inmediato á vista cma poden ser as cores: se a cara é o espello da alma, a faz celtista é celeste, coma a bandeira galega.

#### IDENTIDADE COMO MEMORIA COLECTIVA:

A través da memoria colectiva reconecémonos xuntos en feitos da historia. Esta é outra idea que aparece no fútbol: a continuidade do noso “nós” ó longo do tempo. Exprésase na propia historia do club, nas cores, nos escudos, nas bandeiras... e á vez faise necesario coñecer determinados feitos se pretendes formar parte dese grupo. No caso do Celta, todo afeccionado vai coñece-la xénese da equipaxe, a consecución da Cruz de Santiago que loce no escudo, as xestas do equipo... E todo o mundo vai pretender facer historia, ser partícipe dela nos acontecementos importantes: no noso exemplo cómpre así nomear a Final da Copa do Rei no 1994; as mobilizacións contra un pretendido descenso a 2ªB nos despachos, fronte ó gañado no campo; ou a festa pola entrada na UEFA en maio do presente ano. En calquera destes aventos dase coma elemento clave a importancia da “Historia e Tradición” para a creación da identidade, e a conciencia dos mesmos actores sociais para con estes feitos: dunha banda, a “vivencialización” de todos e cada un deles; e doutra a propia conciencia dos actores, no intre dá súa vivencia, de que aquela era algo trascendente, algo importantísimo polo que había que actuar. De calquera deles, os

individuos non voltaron a casa sendo os mesmos; o grupo reforzouse.

#### IDENTIDADE COMO REPRESENTACIÓN

É este o “aspecto dramático”, de teatralización, de participación. De feito cómpre esquecer-la diferenza taxante entre o público (coma espectador) e o xogador (coma actor), pois no espectáculo, tantos uns coma os outros son dous elementos imprescindibles: ambos dous son os actores, recoñecéndose uns nos outros.

O espectáculo comeza moito antes do partido mesmo, e non remata co pitido final. Pois tan importante coma o partido é o pre e o postpartido. Se nos cinguimos só ó encontro, coma punto concreto de representación podemos ver coma a preparación contén o seu aquel: os afeccionados “deben” enfundarse nas súas cores (camisetas, bufandas, bandeiras, e mesmo “pinturas de guerra”), as peñas dos distintos puntos achéganse ó lugar. Os bares énchense de “entrenadores en potencia”. E xa no encontro, berros, asubíos, cantos, aplausos, himnos... a catarse colectiva. Pero unha vez rematado, os símbolos non van permanecer no caixón durante quince días, senón que voltarán a tinguí-las rúas durante toda a semana.

Na representación a conciencia de grupo acadada o seu máximo expoñente. Mais esta *performance* non se reduce a pura escenificación. Cada consigna, cada ondear de bandeira, conleva tras ela moita significación.

#### CONCLUSIÓN

O mundo do fútbol ábrenos así para nós unha posibilidade inmejorable de creación da propia identidade, do sermos coma grupo. Mais cómpre non caer nos reduccionismos: o fútbol preséntanos tódolos valores da nosa sociedade. Logo, colectividade mais tamén competitividade, unión mais tamén mantemento das xerarquías. Pois no estadio, coma na sociedade, as diferenzas sociais mantéñense na distribución dos espazos (p.ex. na Tribuna, o palco de autoridades; nos Fondos, presenza da policía). E á vez, o movemento contrario: serán as gradas máis populares as que van levar a voz principal no propio ritual. Rodeando todo isto, o sentimento colectivo de constitución dun “nós” común.

#### BIBLIOGRAFÍA

MAISONNEUVE. 1991. *Ritos religiosos y civiles*, Herder, Barcelona.